



CONSULTA PÚBLICA PREVIA SOBRE UN PROXECTO DE ORDENANZA FISCAL: TAXA POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS MUNICIPAIS ASOCIADOS Á CELEBRACIÓN DE MATRIMONIOS CIVÍS

De conformidade co previsto no artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e co obxecto de mellorar a participación da cidadanía no procedemento de elaboración das normas, con carácter previo á elaboración do proxecto de ordenanza fiscal, debe realizarse unha **consulta pública**, a través do portal web do Concello, na que se recabará a opinión dos suxeitos e das organizacións máis representativas potencialmente afectadas pola futura norma, acerca de:

- Os problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa
- A necesidade e oportunidade da súa aprobación
- Os obxectivos da norma
- As posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias.

No cumprimento do anterior, e segundo o disposto na Orde PRE/1590/2016, do 3 de outubro, pola que se publica o Acordo do Consello de Ministros do 30.09.2016, polo que se ditan instrucións para habilitar a participación pública no proceso de elaboración normativa a través dos portais web, fórmulase a seguinte consulta:

Prazo e lugar para facer chegar as opinións	<p>Prazo: Os cidadáns, organizacións e asociacións que así o consideren, poden facer chegar as súas opinións sobre os aspectos plantexados nesta consulta, durante 15 días hábiles, a contar dende a publicación deste anuncio.</p> <p>Lugar: 1) a través da sede electrónica, cubrindo unha instancia xeral onde comunique o que considere relevante para ter en conta na elaboración do texto normativo; 2) presencialmente, no caso de persoas físicas, nas Oficinas Xerais, no seu horario de apertura.</p>
Problemas que se pretenden solucionar coa nova ordenanza	<p>Preténdese dar solución aos problemas xerados pola falta de ordenanza fiscal: compensación polos custos directos e indirectos xerados pola prestación do servizo (gastos do persoal que intervén no expediente, medios materiais e gastos vinculados ao lugar de celebración, etcétera)</p>
Necesidade e oportunidade da súa aprobación	<p>Resulta de especial relevancia para este Concello, acometer esta aprobación normativa, dado o incremento exponencial nos últimos anos das solicitudes de matrimonios civís.</p>
Obxectivos da norma	<p>O obxecto é a regulación dunha taxa pola prestación dos servizos asociados á celebración dos matrimonios civís, que mellore a eficacia e eficiencia na utilización dos servizos públicos, garantindo a suficiencia financeira da entidade local.</p>
Posibles solucións alternativas, regulatorias e non regulatorias	<p>Despois dun análise previo da situación, considérase que a aprobación dunha taxa é a mellor solución regulatoria posible para alcanzar os obxectivos propostos; non atopando outras solucións alternativas, para acadar o dito fin.</p>





concello
Porto do Son

Rúa Atalaia s/n.15970
Porto do Son (A Coruña)
CIF: P1507200B
Tlfno: 981 867 412
Fax: 981 767 358

Porto do Son, na data da sinatura dixital.

O Alcalde,
José Luis Oujo Pouso



Cod. Validación: AY36S9FAHMH5TLRGJLKSSNZR | Corrección: <https://portodoson.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2